

Festa de exaltación da froita de outono

CEIP PLURILINGÜE DE ANDRADE

31 de outubro de 2017

Concurso de Froita Autóctona

BASES DO CONCURSO

AGFA do Eume, ca colaboración do CEIP Plurilingüe de Andrade e a ANPA do centro, coa finalidade de Promocionar a Froita Autóctona e achegar aos máis novos o interese pola mesma, convoca, para o 31 de outubro de 2017, o Concurso de froita das hortas tradicionais, de conformidade coas seguintes Bases:

REQUISITOS

1. Poderán participar tódolos escolares de infantil e primaria matriculados en Centros de Ensino do Concello de Pontedeume.
2. A Comisión de Inscripción asignará a cada lote, unha vez inscrito, unha ficha técnica e un número de participación.
3. Non está limitado o número de lotes por participante sempre que se cumpran as Bases do Concurso. Só se pode recibir un premio por concursante.
4. O peso mínimo establecido para cada lote será de 1,0 Kg., composto por froita procedente de hortas tradicionais. Dunha composición se valorara con prioridade a cantidade de froita na mesma variedade.
5. Poden presentarse ó concurso variedades de froita autóctona, variedades antigas e variedades recén incorporadas.
6. A presentación e retirada dos lotes que concursen será por conta dos concursantes.
7. O prazo para inscribirse no concurso abrirase o día 25 de outubro e finalizará o día 30 de outubro ás 14:30 horas, un día antes da Festa. Os interesados deberán encher unha ficha cos seguintes datos: nome, apelidos, idade e teléfono de contacto, así como horta de procedencia da froita.
8. A Comisión de Inscripción estará formada por 2 expertos da AGFA, un representante do centro e un secretario.

XURADO E PREMIOS

1. Para ditar o fallo constituirase un Xurado formado por membros da propia AGFA do Eume e profesionais do ensino e un Secretario que tomará acta e custodiará as follas de valoración.
2. As follas de valoración conservaranse ata pechar o período de impugnación.
3. Ás 10:00 horas o Xurado pasará a cualificar os lotes presentados a concurso e ás 12:00 horas darase lectura da valoración dos lotes e entrega de premios.
4. Dotaranse os seguintes premios:

Categoría	Premio
1º Premio á variedade en perigo de extinción	Agasallo
1º Premio á mellor variedade e composición	Agasallo
1º Premio á mellor valoración	Agasallo
O resto de concursantes recibirá un diploma pola súa participación.	

1. Os lotes premiados porán pasar a disposición da AGFA do Eume, para ser exposto no lugar que o considere convínte.
2. Tomando como referencia as Bases do Concurso, os premios poden ser impugnados no CEIP Plurilingüe de Andrade no prazo de 2 días hábiles.

Un Xurado formado polo Presidente da AGFA e representantes do Xurado de Cualificación e Comisión de Inscripción avaliará a impugnación e responderá no prazo de 3 días hábiles.

No caso de ser aceptada a impugnación o premio pasará o seguinte valorado.

3. A participación no concurso supón a aceptación plena das presentes Bases. Calquera circunstancia non prevista nas mesmas, ou cantas dúbidas interpretativas se presenten, serán resoltas segundo o criterio da Organización do evento.



PUNTUACIÓN

O Xurado, sobre os lotes presentados, preseleccionará as mellores variedades e as variedades en perigo de extinción. De un mínimo de seis, dos mellores lotes preseleccionados, se valorará as características organolépticas e morfolóxicas para determinar os que acadan o premio.

Máxima puntuación	100 puntos
Presentación e composición de froitas	0 a 15
Variedade autóctona ou antiga	10
Variedade en extinción (acumulable)	5
Variedades recién incorporadas	1
Identificación variedade	5
(características organolépticas e morfolóxicas por variedade)	
Cor	0 a 8
Forma	0 a 8
Tamaño	0 a 8
Pel	0 a 6
Carne	0 a 10
Sabor	0 a 15
Arrecendo	0 a 6
Madurez	0 a 8
Defectos	0 a (-15)
Enfermidades	0 a (-15)

Anexos:

- 1.- Ficha técnica e de inscrición de lotes.*
- 2.- Ficha de valoración do Xurado.*
- 3.- Rexistro de participantes e valoración de lotes.*

DINÁMICA E FUNCIONAMENTO

Ás 10:00 horas farase a acollida ó recinto nunha área identificada como “inscrición de participantes”.

No caso de non telo feito antes encherase a ficha de inscrición e entregarse á Comisión de Inscrición.

Mostraranse os lotes de froita a concursar e a ficha de inscrición para ser recoñecidos pola Comisión, que completará a ficha técnica e asignará un número, que acompañará ó lote, e determinará un lugar de exposición para o concurso.

Os lotes da froita en concurso quedarán expostos para a valoración do Xurado e o público asistente dende as 10:30 ás 14:15 horas.

Unha das pezas de cada lote estará a disposición do Xurado para avaliar a carne, o sabor e o arrecendo.

Os lotes recoñecidos como premiados porán pasar a disposición da AGFA do Eume no caso de alargarse a exposición.

Os restantes lotes de participación quedarán a disposición dos concursantes.

DIRECTRICES XERAIS

A presentación dos lotes debe facerse en cestos ou recipientes con adornos tradicionais. Non se permite presentar os lotes en caixas de firmas comerciais.

Os lotes e concursantes que incumpran as Bases do Concurso poden ser penalizadas ca retirada do lote do concurso.

Pontedeume, a 20 de Outubro de 2017

Asdo.: Presidente da AGFA do Eume

